CONCELLO DE BERGONDO
Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

BASES PLAN CORRESPONSABLES.

CURSO ESCOLAR 2024/2025.

PROGRAMA DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL.

CONCILIACIÓN: CURSO ESCOLAR 2024/2025

- Programa Madruga (7.30 – 9.30 horas) Días lectivos escolares.

- Programa de reforzo educativo (15.00 – 18.00 horas) Días lectivos escolares.

As inscricións realízanse na mesma solicitude e nos mesmos prazos, do 6 ao 10 de maio.

Determinar a posibilidade de inscrición na actividade, ao longo de todo este ano 2024 e durante o curso escolar 2024/2025, se houbese necesidade manifesta dos proxenitores ou titores legais dos menores.

O obxectivo é favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias proxenitoras ou persoas encargadas de exercer a tutela de menores.

- **Destinatarios:** alumnado do CPI de Cruz do Sar.
- **Calendario:** todos os días lectivos do curso escolar.
- **Horarios:** de 7:30 a 9:30 horas e das 15:00 ás 18:00 horas.

O almorzo será aproximadamente ás 8:30 horas.

- **O programa consta de actividades** deportivas, de manualidades, informática (educación dixital), inglés, saúde, sensibilización en igualdade, primeiros auxilios e reforzo educativo.
- **Prezo: ver** ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO (Punto 13)
- O alumnado poderá beneficiarse do **programa por días soltos**.

BASES DA ACTIVIDADE DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN. CURSO ESCOLAR

1. **Prazo de presentación de solicitudes**: das 00.00 horas do día 6 de maio ata as 14.00 horas do día 10 de maio.

2. **Horario e formas de presentación de solicitudes**:

• Vía correo electrónico: no correo electrónico **educacion@bergondo.gal** (preferentemente)
Enviarase a confirmación da solicitude, vía correo electrónico.
• Vía formulario "*por Internet*": na páxina web **bergondo.gal**
• Vía telemática a través da sede electrónica municipal.
• Vía presencial: de 9.00 a 14.30 horas na Casa de Cultura. **981 79 12 52 ext.7**

3. **Listaxes provisionais**: O día 14 de maio publicaranse os listados provisionais da actividade na páxina web do Concello e na Casa de Cultura.

4. **Prazo de reclamacións**: O prazo de reclamacións ás listaxes provisionais serán os días 15 e 16 de maio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

5. **Sorteo público**: Si hai máis solicitantes que prazas, realizarase un sorteo público, na Casa da Cultura, o día 20 de maio de 2024, ás 10.00 horas.

6. **Listaxes definitivas**: Serán publicadas o día 21 de maio na páxina web do Concello (bergondo.gal) e na Casa de Cultura.

7. **Prazo de inscricións e pago das actividades**. O servizo de educación contactará cos/coas solicitantes para solicitarlles:

➢ A documentación necesaria para formalizar a matrícula:
- Folla de inscrición debidamente cuberta.

➢ O novo alumnado deberá presentar a maiores:
- Fotocopia do DNI alumno/-a, da nai/pai ou titores legais.
- Renda da unidade familiar.
- Documentos para xustificar algunha das seguites situacións se fose ou houbese lugar: familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou a unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados.

8. **Reducións de cotas**
a) 50% para familias numerosas.
b) 50% para persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais.
c) 50% ou 100% da cota, a aquelas persoas que se consideren desfavorecidos, previo informe da Área de Benestar Social.
d) Familias de especial consideración, valoraráse na Área de Benestar Social.
Nos casos en que as persoas teñan dereito á redución de cota, deberán achegar o xustificante correspondente no momento da inscrición.

9. **O Concello de Bergondo** resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado, etc. que se consideren necesarias, por motivos organizativos, ou polo cumprimento das medidas xerais das autoridades sanitarias e normativa oficial.

10. **As persoas ou representantes dos menores** que participan na actividade que realizan as solicitudes no Plan Corresponsables, no Programa de Conciliación Curso Escolar 2024/2025:
• Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.
• Fan constar que o alumno/a non padece enfermidade que os incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
• Cubrirán o documento relativo á toma e imaxes e gravación en audición e padecemento de alerxias ou intolerancias alimentarias.

11. **Requisitos para acceder ao servizo durante o curso escolar 2024/2025:**
– Ser alumnado do CPI Cruz do Sar.
- O alumnado de secundaria poderá acceder ao servizo de conciliación, derivado polo Departamento de Orientación do centro educativo ou dos Servizos Sociais do Concello, entregando un informe previo no que conste tal necesidade.

Casos excepcionais polos que as familias precisan o uso do programa en días concretos sen cumprir os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

requisitos anteriormente descritos e sempre presentando un xustificante, tales como:

- Falecemento dun familiar ata o 2º grado de consanguinidade ou afinidade.
- Operacións cirúrxicas dun familiar ata o 2º grado de consanguinidade ou afinidade.
- Consulta médica dun familiar ata o 2º grado de consanguinidade ou afinidade.

12. **O número de prazas do servizo é de 15 por grupo para o programa de madrugadores, 12 por grupo para o programa de reforzo educativo de primaria da tarde e de 10 para o grupo para o programa de reforzo educativo de secundaria.**

En caso de haber máis solicitudes que prazas, levarase a cabo un sorteo público no **que terán preferencia as persoas empadroadas** no Concello de Bergondo. As non empadroadas non entrarán no sorteo. Para o sorteo elaborarase unha listaxe por orde alfabético co apelido e o nome das persoas solicitantes e un número correlativo. A continuación sacarase un número ao azar e o número que saia será onde comeza a listaxe de persoas admitidas.

O alumnado sen praza, as persoas non empadroadas e as novas inscricións despois das datas do sorteo, incorporaranse a unha listaxe de reserva.

13. **Prezos**
A ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades culturais, deportivas, educativas e de servizos sociais, de aplicación ao programa regulado neste decreto, cos seguintes prezos:

Programa de Fomento da Conciliación
Prezos 2024/2025

MADRUGA	**(1 hora)**	**2 €/día**
MADRUGA	**(2 horas)**	**2,5 €/día**
MADRUGA + ALMORZO	**(2 horas)**	**3 €/día**
MADRUGA	**(días soltos)**	**3 €/día**

REFORZO EDUCATIVO PRIMARIA	**(1 hora)**	**2 €/día**
	(2 horas)	**2,5 €/día**
	(3 horas)	**3 €/día**
REFORZO EDUCATIVO SECUNDARIA	**(2 horas)**	**2.5 €/día**

VACACIÓNS (DÍAS NON LECTIVOS)	**(entre as 8.00 e as 15.00 horas)**	**5 €/día**

As xornadas que excedan das horas reflectidas, cobraranse segundo a contía do tramo superior.

14. **Medidas de control da saúde:**

- **Garantirase o cumprimento das medidas xerais das autoridades sanitarias, segundo a súa evolución normativa oficial.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

- **Garantirase o cumprimento de protocolos de seguridade** atendendo ás medidas persoais de hixiene así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.
- **Os profesionais** a cargo dos menores **velarán pola seguridade na actividade** mediante o control diario da saúde de cada participante á entrada nas instalacións, o adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos; e control da temperatura dos participantes.
- **Os proxenitores** ou titores dos participantes **deberán responsabilizarse** da súa situación sanitaria particular.
- **As persoas participantes** nas actividades non poderán asistir a estas con enfermidades contaxiosas ou que presenten síntomas como: febre, vómitos, diarrea, chagas ou aftas na boca, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións ou alteracións atípicas na pel así como no caso de ter piollos ou lendias.

• De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmaselle que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente rexistro de actividades de tratamento do departamento de CULTURA, DEPORTES E EDUCACIÓN á cal vaia dirixida a presente solicitude. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de protección de datos e para completar co fin para o que estes datos foron recabados. Non serán obxecto de transferencias internacionais. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art.6.1 e) do RXPD: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este concello e, os datos persoais que nos proporciona mediante este documento, conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas, debidamente acreditadas, poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o Concello de Bergondo, con CIF P1500800F, e dirección en Estrada A Coruña 12, 15165 Bergondo (A Coruña). Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@bergondo.gal ou consultando a política de privacidade na páxina web do concello http://bergondo.gal/menu-pie/politica-de-privacidad/.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).